

UN LABREGO NA VIDA E NA OBRA DO FILÓLOGO MARTÍN SARMIENTO*

*Para Francisco Fernández Rei,
dialectólogo maior do Reino*

Xesús Alonso Montero

O noso sabio, que xa naceu curioso e preguntón, foise facendo sabio, cada vez máis sabio, ó longo dos setenta e sete anos da súa vida, unha existencia entregada de cheo ós máis diversos estudos, moitas veces *ad maiorem linguae Gallaetiae gloriam*. Pero o noso extraordinario polígrafo, que tantas e tantas páxinas escribiu sobre o galego vivo, sobre o galego falado no seu tempo, viviu case sempre fóra e lonxe da Terra. De feito, dos seus setenta e sete anos, só residiu nos lares da lingua os primeiros quince anos do seu existir. Aínda non mozote, en 1710, a vocación relixiosa e os estudos afástanos de Galicia, de Pontevedra —patria da súa infancia e da súa lingua—, e noutras terras da ancha España vai vivir para sempre, especialmente en Madrid, no convento de San Martín, e foi aquí, na austeridade dunha cela benedictina, onde construíu o edificio do seu inmenso saber. Foi aquí, tamén, onde redactou centos e centos de páxinas sobre a orixe, a formación, a historia e as características da lingua galega, páxinas, en parte, centradas no galego vivo, no galego real do seu tempo. Pero Sarmiento, tan erudito en Lingüística galega, durante décadas, illado no seu estudio madrileño, non tivo relación dialogal con falantes do idioma do que era o seu principal científico. Así pois, durante décadas e décadas, os merlos da fala natal non cantaron dentro dos muros do convento madrileño de San Martín. Hai que supoñer que esta carencia, esta especie de orfandade, foi especialmente grave para quen, como o Padre Sarmiento, ademais de ser cidadán dunha determinada cidade lingüística, era lingüista, é dicir, estudioso desa cidadanía.

Ben sei, señoras e señores, que todos vostedes lembran neste momento algo que, desde hai tempo, consignan os libros sobre o noso erudito: que o Padre Sarmiento visitou Galicia en tres ocasións: en 1725, en 1745 e en 1755. Pero foron iso, visitas, visitas moi breves, tan breves que non foron dabondo para esquecer tantas e tantas saudades remoídas baixo ceos onde non cantaban, nin de lonxe, os merlos da fala natal.

Xa aquí, cómpre saber que nesas tres viaxes —en realidade, tres escapadas—, hai un espacio, o de Pontevedra, que vai ser centro esencial das súas emocións e tamén das súas ocupacións. Entre esas ocupacións e emocións, unha ten como escenario unha pequena aldea, Monteporreiro, na parroquia de Mourente, a unha legua, máis ou menos, da Capital. Nesa aldea, Sarmiento vai á procura, nas tres viaxes, dalguén a quen, sendo el neno, tratou moito e admirou, razón pola cal, décadas despois, en 1725, en 1745 e en 1755, sempre procurou velo (son as súas palabras). Martín Sarmiento, que xa algúns eruditos moi escolleitos consideraban un sabio, ¿a quen visitou nunha aldea tan humilde, a de Monteporreiro?

Vive alí, no lugariño do Outeiro (a precisión é do propio Sarmiento), alguén que, ademais de ter un coñecemento e dominio prodixiosos da lingua galega, era persoa de

talante festivo, de espírito vivo e de intelixencia aguda e esperta. Os adxectivos, que reproduzo milimetricamente, son do mesmo Padre Sarmiento¹. Persoa tan esperta, sagaz e viva, lonxe de posuír un título universitario, era un home iletrado, quizais analfabeto. Non sei se Martín Sarmiento lera ou non a Rousseau, pero era, ó seu xeito, un rusioniano, tanto que encontraba natural que un rústico non letrado tivese virtudes de carácter e intelixencia como as que atesouraba no século XVIII este labrego que ás veces —infórmanos tamén Sarmiento— traballaba de xornaleiro na casa de seus pais.

Cando Sarmiento era neno, procuraba, sempre que podía, o trato con aquel rústico de Monteporreiro, e a Monteporreiro peregrinou Sarmiento en 1725, 1745 e 1755 para deleitarse coa conversa daquel cidadán humilde e aproveitarse do seu falar, tan rico e sorprendente en voces e locucións enxebres. Alá no fondo, o Padre Sarmiento, erudito en tantos saberes e non alleo a ningún dos idiomas sabios (hebreo, grego e latín), cando peregrina á aldea de Monteporreiro, faino, alá no fondo, para recibir, unha vez máis, leccións de lingua galega daquel rústico tan douto en camiños, congostras, fábulas populares, nomes de plantas e de bechos, refráns de lareira, contos da noite e cántigas do traballo. Profesor foi, sen dúbida, este iletrado pontevedrés do século XVIII, e, se ós profesores os xulgamos pola intelixencia e a erudición dos alumnos, ninguén máis versado e eficaz ca el, pois discípulo seu foi o Padre Sarmiento, polígrafo que no século XVIII, un tempo pouco favorable, crea esa disciplina á que aínda hoxe chamamos Lingüística galega.

Creo que, se algún día alguén fai a historia dos catedráticos de galego —sempre que a faga con criterios pouco administrativos—, o primeiro no tempo e, quizais, na gloria, sexa este rústico de Monteporreiro chamado Marcos da Portela. Non era doutor nin licenciado o señor Marcos da Portela, ou, para sermos fieis ó tratamento rural máis enxebre da época, o tío Marcos da Portela. Non foi o tío Marcos un invento ou ficción do Padre Sarmiento, escritor, certamente, non alleo, ás veces, ás musas retranqueiras; foi, sabémolo ben, un labrego que faleceu, na súa aldea natal, o ano 1756, tal como probou documentalmente un ilustre pontevedrólogo, o profesor Filgueira Valverde².

Temos que reparar na data do pasamento, 1756, meses despois da última visita de Sarmiento, visita que resultou a derradeira. O alumno quedaba sen profesor, pero o profesor —as súas “leccións”— estiveron moi presentes, a partir de 1756, sempre que o Padre Sarmiento se pronunciou sobre o léxico e a fraseoloxía do idioma galego. Creo máis; creo que o señor Marcos da Portela —perdón, o tío Marcos da Portela— chegou a engaiolar, polo talento e polo carácter festivo ou rexoubeiro, a un home tan douto e tan severo como Frei Martín Sarmiento. Sabido é que, cando o noso sabio decidiu escribir unhas coplas en lingua galega, para inserir nelas canta palabra enxebre ou interesante cumpría aprender e explicar —un exemplo ben claro de poesía docente—, o noso polígrafo opta por poñer na pluma do tío Marcos os centos e centos de versos que o noso erudito compuxo. Así pois, Sarmiento non escribe desde o seu ortónimo e si desde un

heterónimo lixeiro e popular, que el identifica coa musa divertida e aguda daquel filólogo das silveiras chamado Marcos da Portela.

En efecto, no *Coloquio dos 24 galegos rústicos*, quen “fala” é o tío Marcos, e, cando el non fala directamente, limítase a transcribi-lo que contan as xentes humildes do *Coloquio*, e faino de tal xeito que o transcriptor, camarada sempre en humildades dos coloquiantes, nonedulcora as queixas nin adultera a cosmovisión que as xentes de abaixo teñen de certas cousas. O poeta, o tío Marcos da Portela, nunca traizoa ós falantes daquel *Coloquio*, nin sequera ós catro nenos que, pese ós seus poucos anos, emigraron a Madrid para gañaren o pan en traballos duros

Os catro estiveran
dez meses arreo
servindo en Madril
por pouco diñeiro.

Velaí por onde a poesía galega moderna estréase cun inxente corpus (case cinco mil versos) de clara intención social. Sendo o seu autor o ilustre frade beneditino, o discurso, sen embargo, responde, máis ou menos, ás premisas do tío Marcos, labrador e xornaleiro non exento de certa conciencia crítica. O Padre Sarmiento, en realidade, quería escribir desde abaixo, desde o punto de vista dos humildes do seu país, e os humildes, se non están moi alienados, ás veces —como acontece neste poemario— quíxanse ou protestan, aínda que o fagan coa retórica das bromas.

Con ou sen esta retórica, coplas hai nas que se denuncian feitos que foron moi inxustos, como o de apresar ós galegos que ían á sega para metelos na tropa e facelos loitar nalgunha das guerras que España sostiña fóra das súas fronteiras. A sega a Castela tamén está presente, neste “romanzón”, por primeira vez na poesía galega. Xa nas primeiras coplas amósaseno-lo nome de dezaseis segadores, catro deles de mulleres que foron “cinco anos á sega / por facer diñeiro”. Sobre o tema interesa, e moito, a copla 1046, posta en boca dunha nena, Maruxa das Rulas, que refire:

Os nosos paisáns
que tiveran medo
de ir a segare
os trigos alleos.

Nos dous versos finais hai un achado denominativo (“segar os trigos alleos”), que, sen dúbida dun xeito un tanto confuso, prelude a admonición social e económica que, cen anos despois, explicaría cientificamente o egrexio filósofo de Trier, o xenial Carlos Marx.

Neste corpus de 1201 coplas hai algunhas outras que están reclamando unha lectura non moi allea á que vimos de esbozar.

Pero, nesta ocasión, o que verdadeiramente nos importa é saber en qué materias, en qué “asignaturas”, o Padre Sarmiento, o eruditísimo Padre Sarmiento, foi alumno daquel sabio iletrado que se chamou Marcos da Portela (o tío Marcos da Portela, para os veciños

respectuosos). Foino, evidentemente, na disciplina de Lingua galega e de cousas do país, esa materia que os alemáns dos primeiros anos do XX chamaron *Wörter und Sachen* (Palabras e Cousas), disciplina e método filolóxicos nos que o noso lingüista foi un ilustre precursor³. Non sabemos, sen embargo, se o tío Marcos lle abriu os ollos ó seu sabio discípulo noutros saberes, especialmente nos relacionados, en Galicia, coa cuestión social.

Aquí as cousas, urxe sinalar que Sarmiento aínda non foi estudiado, en tódolos seus aspectos, como sociólogo e politólogo. Páxinas hai que están reclamando un estudio, e, nel, a nosa gratitude douscentos cincuenta anos despois de escritas. Nunha carta do 18 de decembro de 1748 lemos observacións tan críticas e modernas coma esta, que traduzo: “Galicia non necesita aumenta-lo número de caciques senón de diminuí-la infinidade de pobres coitados que son escravos de todos e da terra. Todos claman ‘ben público, ben público’, e a maioría menten...”⁴.

Os lectores atentos de Sarmiento saben moi ben que hai, especialmente no epistolario, outras páxinas así de desacougantes. Cómpre e urxe, despois de contextualizalas, examinalas con coidado. En calquera caso, quizais nunca cheguemos a saber se estas páxinas críticas sobre a condición social das xentes do campo foron inspiradas, aínda que fose en moi pequena medida, polas conversas, non só metalingüísticas, do tío Marcos da Portela.

De tódolos xeitos, ó tío Marcos da Portela abóndalle, para figurar na Santa Compañía de sombras ilustres e beneméritas, co feito de ser, en moi distintas ocasións, profesor de idioma galego do P. Sarmiento, aquel sabio que a mediados do século XVIII sentou os alicerces da Lingüística galega.

Se eu fose pedáneo da parroquia de Mourente ou, quizais mellor, alcalde de Pontevedra, mandaríaa erguer un monumento sinxelo á memoria daquel extraordinario falante de galego, autor de discursos e de eficaces explicacións que adoutrinaron para sempre ó Padre Sarmiento, pai da Lingüística galega. De ser así, cando no espacio de Monteporreiro os nenos xoguen ós seus xogos, lerán nese sinxelo monumento: “*Vir rusticus dicendi peritus*: home do campo mestre na arte de falar: de fala-lo galego”.

NOTAS

* Relatorio proferido no Teatro Principal de Pontevedra, o 17 de maio de 2002, no acto literario co que a Real Academia Galega honrou a figura do gran polígrafo.

1. Nas dúas páxinas en que caracteriza a Marcos da Portela, Sarmiento escribe: “Este era... el rústico más advertido, picaron y gracioso que allí traté aún siendo yo niño” (p. 82). “Era labrador y jornalero y trabajaba en casa de mis padres muchas veces. Por eso le conocí y traté mucho, y me gustaba por su viveza y genio festivo [...] cuando comencé estas ‘coplitas’ pensé ponerlas en cabeza de algún rústico conocido, y

al punto se me ofreció Marcos da Portela por ser agudo y despierto” (p. 360) (*Colección de voces y frases gallegas* (ed. de J. L. Pensado), Universidad de Salamanca, 1970).

2. “Marcos da Portela existió en realidade. Murió en 1756”, *Faro de Vigo*, 13-8-1972.

3. A revista *Wörter und Sachen* foi fundada, no ano 1909, polo profesor Rudolf Meringer coa colaboración de importantes romanistas, entre eles W. Meyer-Lübke.

4. *Epistolario* (ed. de X. Filgueira Valverde e M.^a Xesús Fortes Alén), Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995, p. 43.